

I.E.S. Nº 1 O CARBALLIÑO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA CURSO 2019-2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O 3º TRIMESTRE

ÍNDICE

1º ESO	Páx.	2-3
2º ESO	Páx.	3-5
3º ESO	Páx.	5-8
3º PMAR	Páx.	8-10
4º ESO	Páx.	10-13
1º BACHARELATO LINGUA GALEGA	Páx.	13-16
1º BACHARELATO LITERATURA UNIVERSAL	Páx.	17-20
2º BACHARELATO	Páx.	20-24
LINGUA E CULTURA PORTUGUESA	Páx.	24-25

De acordo coas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, os integrantes do Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Nº 1 do Carballiño determinan realizar as seguintes revisións, modificacións ou adaptacións á Programación Didáctica para o 3º trimestre do curso 2019-2020:

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender,interpretar e sintetizar textos.	Comprende,interpreta e sintetiza o contido dos textos.
Recoñecer,explicar e usar léxico amplo e preciso.	Utiliza un vocabulario amplo e preciso.
Aplicar e valorar normas morfolóxicas e ortográficas da lingua.	Recoñece o uso das categorías gramaticais e aplica correctamente as normas ortográficas.
Producir en formato papel ou dixital textos sinxelos.	Produce textos propios das relación sociais.
Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.	Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.
Ler expresiva e comprensivamente textos poéticos breves.	Le expresiva e comprensivamente textos poéticos.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 Para o alumnado que teña superada a segunda avaliación.

Partiremos dunha avaliación continua polo que a nota da segunda avaliación será a nota final que se poderá incrementar no máximo dun punto coas tarefas que se presenten neste terceiro trimestre. Un total de dez tarefas, unha por semana, cunha puntuación de 0,10 cada unha delas presentada correctamente, nunca se puntuará negativamente.

2.2 Para o alumnado que non teña superada a segunda avaliación.

Faranse probas escritas individualizadas que terán que realizar e presentar nun tempo concreto.

Os instrumentos para avaliar as diferentes tarefas serán escalas de observación e rúbricas.

O alumnado dos Agrupamentos Específicos rexeraxe polas mesmas normas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Lectura de textos para traballaren a súa comprensión e o léxico.
- Fan mapas mentais dos campos semánticos xa vistos (partes do corpo, animais de proveito, flora e fauna , árbores e froitas, os sentidos...).
- Creación de textos breves a partir do tema que se lle achegue a través dun arquivo ou vídeo.
- Análise de poemas, creación de poema breve con ilustración.
- Fichas de reforzo con exercicios de gramática (morfoloxía das palabras, clases de palabras, substantivo, adxectivo, determinantes e pronomes) e ortografía de todo o estudado nos trimestres anteriores.

- Responder a baterías de preguntas sobre temas diversos como os maíos, o Día do libro, o Día das letras galegas...son traballos de investigación que eles terán que consultar nas páxinas de internet que se lle acheguen.
- Gravación de vídeos elaborando unha receita de cociña.
- Lerán un libro que eles mesmos escollen na biblioteca virtual, para completaren unha ficha que se lles achega.
- Proporáselles algunha tarefa das indicadas en Aulas Galegas.
- Os materiais e recursos empregados son : o libro de texto de lingua Galega e Literatura, proxecto cotovía, fichas de exercicios elaboradas pola profesora, dicionario dixital, biblioteca virtual (Galicia), diferentes páxinas web das que lle achegamos os enlaces.

4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (lxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba especial).

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Para todas as tarefas achégaselles un arquivo explicativo ou vídeo a través da aula virtual do centro ou correo electrónico, eles envían as respostas e cando for posible enviase a ficha de respostas e nos demais casos faise a corrección e achégase de xeito individual ao alumnado.

2º ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender, interpretar e sintetizar textos.	Comprende, interpreta e sintetiza o contido dos textos con esquemas, resumos...
Producir discursos breves sobre temas da vida cotiá.	Produce discursos breves sobre temas da vida cotiá.
Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso.	Utiliza un vocabulario amplo e preciso.
Aplicar e valorar normas morfolóxicas e ortográficas da lingua.	Recoñece o uso das categorías gramaticais e aplica correctamente as normas ortográficas.
Producir en formato papel ou dixital textos	Produce textos propios das relación

complexos.	sociais.
Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos.
Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar os tres xéneros.	Diferencia textos dos tres xéneros
Identificar os diferentes tipos de narradores, personaxes, espazo e tempo nos textos narrativos.	Identifica os narradores, personaxes, espazo e tempo nos textos narrativos.
Analizar a rima e a métrica da poesía lírica.	Analiza a rima e métrica de poemas.
Recoñecer diferentes recursos literarios, metáforas...	Recoñece diferentes recursos literarios.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 Para o alumnado que teña superada a segunda avaliación.

Partiremos dunha avaliación continua polo que a nota da segunda avaliación será a nota final que se poderá incrementar no máximo dun punto coas tarefas que se presenten neste terceiro trimestre. Un total de dez tarefas, unha por semana, cunha puntuación de 0,10 cada unha delas presentadas correctamente, nunca se puntuará negativamente.

2.2 Para o alumnado que non teña superada a segunda avaliación.

Faranse probas escritas individualizadas que terán que realizar e presentar nun tempo concreto.

Os instrumentos para avaliar as diferentes tarefas serán escalas de observación e rúbricas.

O alumnado dos Agrupamentos Específicos rexerase polas mesmas normas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Lectura de textos para sintetizaren en esquemas e resumos.
- Análise de textos narrativos onde identifican os narradores, personaxes, espazo e tempo.
- Creación de textos sobre a vida cotiá, a partir do tema que selle achegue a través dun arquivo, vídeo explicativo ou unha noticia que escollan do seu interese.
- Crean carpetas de léxico (as viaxes, os animais, a gastronomía e a hostelería, a comunicación, a navegación, os medios de transporte.)
- Análise de poemas, creación de poema breve con ilustración.
- escoita de poemas musicados, como “Aí vén o maio”, en varias versión.
- Fichas de reforzo con exercicios de gramática (morfoloxía das palabras, clases de palabras, substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes e o verbo) e ortografía de todo o estudado nos trimestres anteriores.
- Responder a baterías de preguntas sobre temas diversos como os maíos, o Día do libro, o Día das letras galegas...son traballos de investigación que eles terán que consultar nas páxinas de internet que se lle acheguen.
- Gravación dun vídeo facendo unha exposición oral dun tema que eles elixen.
- Lerán o libro “Corazón de Xúpiter” de Leticia Costas e completaran unha ficha sobre el.

- Proporáselle algunha tarefa das indicadas en Aulas Galegas.
- Os materiais e recursos empregados son : o libro de texto de lingua Galega e Literatura, proxecto cotovía, fichas de exercicios elaboradas pola profesora, dicionario dixital, biblioteca virtual (Galicia), diferentes páxinas web das que lle achegamos os enlaces.

4. ALUMNADO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA PENDENTE

Os alumnos/as coa materia de Lingua Galega 1º ESO pendente, que ata o día do confinamento non realizaran as suficientes actividades e probas previstas para superar dita materia e estivesen condicionados a realizar as probas do mes de maio, deberán facer correctamente todas as tarefas que se lles están a encomendar ata o remate do curso para poder aprobar dita materia. Nese suposto obterían a cualificación de Suficiente (5).

5. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (loxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba extraordinaria).

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Para todas as tarefas achegaselles un arquivo explicativo ou vídeo a través da aula virtual do centro ou correo electrónico, eles envían as respostas e cando for posible enviase a ficha de respostas e nos demais casos faise a corrección e achégase de xeito individual ao alumnado.

3º ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender e interpretar intención, tema, ideas principais e secundarias de textos orais ou escritos e analizar críticamente os seus contidos.	Comprende o sentido global, identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais e escritos sendo quen de interpretar os seus contidos.
Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para comprender e producir textos orais ou escritos.	Emprega as TIC para realizar comentarios críticos ou producir textos orais ou escritos.
Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	Usa distintas técnicas e estratexias chegar a relacionar a información explícita e implícita dun escrito.

Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos orais ou escritos.	Produce textos orais ou escritos cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais.
Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as súas posibilidades de combinación.	Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras e mesmo crea palabras novas.
Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega así como os signos de puntuación.	Emprega textos orais e escritos e respecta as normas ortográficas, morfolóxicas e as dos usos dos signos de puntuación.
Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	Valora a lingua como medio de relación interpersonal e distingue entre bilingüismo e diglosia, valora o plurilingüismo, coñece as linguas romances e os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta.
Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega e os acontecementos máis relevantes da súa historia social desde os seus inicios ata 1916.
Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes ata 1916.	Identifica, comprende e explica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes ata 1916.

A materia que queda por impartir para o vindeiro curso serían as unidades 9, 10, 11 e 12 do libro de Texto 3º ESO Anaya (o texto argumentativo, perífrases verbais, Curros Enríquez, o texto periodístico, adverbio, interferencias lingüísticas, Eduardo Pondal, variedades da lingua, narrativa do século XIX, preposicións, conxuncións, interxeccións, o teatro do século XIX). Aínda así, neste 3º trimestre recomendaráselle ao alumnado o estudo –resumido- das figuras de Curros Enríquez, e Eduardo Pondal e traballaranse algún aspectos relacionados coa ortografía dalgunha destas unidades así como o relativo ás interferencias lingüísticas.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 Para o alumnado que teña superada a segunda avaliación.

Partiremos dunha avaliación continua polo que a nota da segunda avaliación será a nota final que se poderá incrementar no máximo de 1 punto coas tarefas, avaliadas positivamente e escritas á man, que se presenten neste terceiro trimestre, pero sobre todo valorarase a actitude positiva amosada en relación á materia (traballos, atención, lectura voluntaria de libros, participación etc.) amosada durante a parte presencial do curso.

2.2 Para o alumnado que non teña superada a segunda avaliación.

Farase unha proba escrita individualizada e enviada vía correo electrónico –se non se volve ás aulas- que o alumnado terá que presentar, escrita á man, nun tempo concreto. Esta proba poderá ter a cualificación de Suficiente (5) ou Insuficiente (menos de 5). No caso de obter unha nota positiva, a nota final de curso poderá verse incrementada ata un máximo de 1 punto coas tarefas realizadas no 3º trimestre, valorando especialmente o realizado ao longo da 1ª e 2ª Avaliación (lectura de libros voluntarios, traballos voluntarios, participación...), é

dicir, sobre todo valorarase a actitude positiva amosada en relación á materia (traballos, atención, lectura voluntaria de libros, participación etc.) amosada durante a parte presencial do curso.

O traballo será anotado no caderno do profesor e, en función das notas establecidas, servirá para mellorar a nota do alumno/a.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Seguiremos utilizando como instrumento básico de traballo o libro de texto de 3º ESO da Editorial Anaya.
- Dado que a inmensa maioría do alumnado ten superada a segunda avaliación, cómpre seguir avanzando nos estándares de aprendizaxe establecidos a comezos de curso, polo que proporemos cada semana a realización dunha serie de actividades, algunhas de reforzo e outras con novos contidos esenciais para poder conseguir, polo menos, parte dos obxectivos previstos na Programación inicial.
- Fichas de reforzo con exercicios de ortografía, acentuación e puntuación estudados xa en cursos anteriores.
- Actividades de morfosintaxe (algunhas de repaso e outras con novos contidos, aínda que xa vistos en cursos anteriores) sobre o pronome persoal, o verbo...
- Actividades sobre comprensión e comentario de textos literarios do século XIX, que reforzan o coñecemento das nosas principais figuras literarias da época (Rosalía de Castro etc.).
- Preguntas e actividades relacionadas coas interferencias lingüísticas (tipos de castelanismos).
- Preguntas e actividades relacionadas co xa visto na primeira e segunda avaliación.
- Actividades relacionadas co repaso de vocabulario.

4. ALUMNADO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA PENDENTE

Os alumnos/as coa materia de Lingua Galega 2º ESO pendente xa realizaron algunhas actividades e probas previstas para superar dita materia. Unicamente lles faltaban por entregar algunhas actividades polo que, cando isto se produza, considerarase que teñen a materia superada coa cualificación de suficiente (5).

5. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (loxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba extraordinaria).

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O medio empregado será o correo electrónico edu.xunta. Cada semana envíaselles o que teñen que repasar ou estudar, as actividades que deben realizar e as solucións das actividades da semana anterior para que poidan realizar a súa autocorrección. Indícaselles que calquera dúbida que poidan ter, que se poñan en contacto co profesor a través do seu correo.

3º PMAR

ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
COMUNICACIÓN: Ler e comprender un texto	Comprende o sentido global dun texto, identificando a intención comunicativa e a súa información relevante.
Recoñecer secuencias narrativas, descritivas e dialogadas nun texto.	Le unha reportaxe e xustifica a presenza da narración, da descrición e do diálogo polos seus trazos lingüísticos e estruturais.
LENGUA: Recoñecer a categoría gramatical verbo, a súa concordancia co suxeito e as partes básicas: tema (raíz e vogal temática) e sufixos flexionais (modo- -temporal e número-persoal)	Sinala nun texto os suxeitos de determinados verbos destacados, tendo en conta a concordancia. Descompón morfoloxicamente determinadas formas verbais
Distinguir o uso dun complemento directo e dun complemento indirecto.	Recoñece en enunciados e en textos sintagmas que funcionan como complemento directo e indirecto.
HISTORIA: Explicar as características dos reinados dos Austria no século XVI en España	Coñece os principais acontecementos históricos do reinado de Carlos I e Filipe II
LINGUA: Recoñecer e empregar con corrección os modos e tempos verbais.	Indica o modo e o tempo de determinadas formas verbais
XEOGRAFÍA: Definir e clasificar as actividades do sector secundario.	Define, clasifica e explica as actividades do sector secundario
Explicar as características e a localización dos recursos minerais e das fontes de enerxía.	Le e resume un texto acerca da localización dos recursos minerais e das fontes de enerxía do planeta
LINGUA: Coñecer a procedencia da maior parte do léxico galego e a	Busca a etimoloxía de determinadas palabras dun texto e clasifícaa en

súa evolución ao longo do tempo, diferenciando voces patrimoniais, semicultismos, cultismos e neoloxismos	patrimoniais, semicultas e cultas.
HISTORIA: Analizar as causas e consecuencias da Reforma protestante e da Contrarreforma católica.	Identifica os motivos que provocaron a Reforma e a súa expansión por Europa (Lutero, Calvino e anglicanismo). Expón o contido da Contrarreforma.
LENGUA: Investigar en fontes diversas para coñecer a orixe dalgunhas palabras do castelán actual.	Coñece a orixe de italianismos, galicismos e anglicismos
LITERATURA CASTELÁ: Recoñecer a personalidade de Cervantes e as súas vivencias na lectura de varios fragmentos das súas obras.	Clasifica as obras estudadas de Cervantes polos xéneros aos que pertencen

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Recopilación das tarefas que se lle manden por Abalar e que remitirán ao correo do profesor.

Traballo individual e probas que se lle mandarán por Abalar e que serán postas na web do centro para que as remitan por correo electrónico ao profesor.

Partindo da nota da 2ª avaliación, haberá 10 tarefas para que entreguen por correo electrónico. Se as entregan todas terán 1 punto que se lle sumará á nota da 2ª avaliación, e así quedará a cualificación final.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Fichas e cuestionarios de preguntas e exercicios prácticos que se mandan a través de Abalar para o grupo ou individualmente e que despois eles remiten a través do correo electrónico do profesor.
- Os materiais cos que contan son: o libro electrónico que se empregou na clase e tamén o libro de papel. Fichas de reforzo que llelles proporciona o profesor.
- Vanse facer actividades de repaso e de reforzo, por medio de fichas, cuestionarios de preguntas e exercicios prácticos.
- Os temas 5 e 6 que corresponderían á terceira avaliación non se darán neste curso.
- A recuperación faríase sobre o temario da segunda avaliación.
- Faríase unha proba que a mandarían por correo ao profesor.

4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Nesta proba examinaranse dos 4 temas primeiros do libro de Xerais Programa de Mellora. Ámbito Lingüístico e Social. Nivel 2, que foron os que se impartiron na 1ª e 2ª avaliacións.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información individual por Abalar por medio dun aviso.

4º ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito para comprender e expresar todo tipo de mensaxes, identificando a intención comunicativa.	Utiliza a lingua galega oralmente e por escrito para expresar todo tipo de mensaxes.
Identificar e utilizar correctamente os nexos e conectores textuais máis comúns e mais os mecanismos de cohesión textual.	Identifica e utiliza correctamente os nexos e conectores textuais máis comúns e mais os mecanismos de cohesión textual.
Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	Emprega pautas que facilitan a análise do contido (resumos, esquemas...).
Identificar os elementos dun texto literario: tema, argumento, personaxes, espazo, tempo...	Identifica os elementos dun texto literario: espazo, tempo, narrador, tema, argumento...
Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos totalmente correctos.	Utiliza técnicas para organizar correctamente o seu discurso nun rexistro adecuado.
Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso.	Utiliza un vocabulario amplo e preciso.
Aplicar e valorar normas morfolóxicas e ortográficas da lingua.	Recoñece o uso das categorías gramaticais e aplica correctamente as normas ortográficas.
Producir en formato papel ou dixital textos complexos.	Produce textos propios das relacións sociais.
Identificar a frase como constituínte da oración e distinguir os distintos tipos de frases.	Identifica a frase como constituínte da oración e distingue os distintos tipos de frase.
Analizar e usar correctamente a puntuación.	Analiza e usa correctamente a puntuación.
Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.	Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que organiza sintáctica e semanticamente; recoñece a estrutura interna das oracións identificando o verbo e os complementos; clasifica oracións segundo a natureza do predicado e usa a terminoloxía sintáctica correcta.

Coñecer as distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, e asimilar os conceptos de “normativización” e “normalización”.	Coñece a historia da lingua e a lexislación que a regula.
Identificar as principais variantes xeográficas do galego e integralas nun estándar global da lingua.	Identifica as principais variantes xeográficas.
Coñecer as características fundamentais, tendencias literarias e autores máis destacados dos séculos XX-XXI.	Coñece as características fundamentais das tendencias literarias e autores máis destacados dos séculos XX-XXI.
Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata hoxe.	Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
Crear ou recrear textos de intención literaria.	Crear ou recrea textos de intención literaria e desenvolve o gusto pola escrita (lectura dos libros establecidos como de lectura obrigatoria etc.).

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Convocatoria ordinaria xuño:

Tendo en conta as circunstancias actuais e as que se deron na 2ª avaliación, o concepto de avaliación continua é de difícil aplicación. Este concepto suporía a necesaria avaliación agora no 3º trimestre de toda a materia dada desde o comezo de curso, o exame da 3ª avaliación consideraríase como un exame final; se un alumno suspendese este exame, tería unha recuperación final de todos os contidos do curso. Isto é claramente inviable, no contexto actual.

Xa na segunda avaliación a nota foi consecuencia das actividades do trimestre pero non houbo a posibilidade de realizar un exame que englobase a materia da 1ª e 2ª avaliación. Na 3ª avaliación non será posible realizar unha avaliación continua. No seu lugar propóranse unha serie de actividades centradas no repaso, reforzo e no seu caso ampliación dos contidos dados nos dous trimestres anteriores, con especial atención á sintaxe e á literatura.

- Repaso e reforzo da frase e da oración simple, os seus tipos e funcións básicas.
- Ampliación e análise da oración composta: oracións subordinadas. Tipos e funcións básicas.
- Repaso e reforzo da análise de textos literarios da literatura dos séculos XX e XXI.

Estas actividades, que avaliarán as competencias básicas, deberán ser enviadas por vía electrónica ao profesor/a correspondente, e a cualificación que obteñan só poderá utilizarse para subir a nota dos outros dous trimestres anteriores, en ningún caso poderá diminuíla. O aumento que significará a nota da 3ª avaliación, no caso de que o alumno/a entregue todos os traballos propostos, e sexan avaliados positivamente, será de **1 punto**.

O libro de lectura obrigatorio por avaliación, do cal será examinado o alumnado, será cualificado con suficiente ou insuficiente. A nota do exame de lectura do terceiro trimestre non

prexudicará ao alumnado no caso de que o exame resulte non apto. Aínda así deberá recuperar os libros de lectura que na 1ª e/ou na 2ª avaliación resultasen suspensos, para aprobar a materia en xuño. Estableceranse os mecanismos para realizar esa recuperación por vía telemática ben a través dunha proba ou dun traballo.

O traballo regular que cada alumno/a realice (seguimento virtual do curso con conexións regulares á aula virtual, entrega das actividades propostas, etc.) será anotado no caderno do profesor e, en función das notas establecidas, servirá para mellorar, non para empeorar a nota do alumno/a ata un máximo de 2 puntos. Para poder aprobar unha avaliación ou o curso, o alumno debe ter suficientes notas positivas no seu traballo diario incluíndo elementos como participación, calidade do traballo, actitude, etc.

A nota final de curso obterase coa nota media dos dous primeiros trimestres e sumando a nota obtida no terceiro trimestre, sempre que sexa positiva. A isto poderase engadir a puntuación sobre a valoración do traballo global do alumnado e a actitude mantida cara á materia ao longo do curso.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Creación de textos descritivos, argumentativos e críticos a partir doutros textos, vídeos que nós lle achegamos ou temas escollidos por eles.
- Gravación dun vídeo, con presentación, sobre un tema da actualidade ou elaborando unha receita de cociña.
- Fichas de reforzo con exercicios de gramática (colocación do pronome, verbo...) e ortografía de todo o estudado nos trimestres anteriores.
- Fichas de reforzo de análise sintáctica.
- Batería de preguntas sobre lingua e sociedade (variedades da lingua, a lingua galega na posguerra, a lusofonía, prexuízos lingüísticos...) e tamén sobre autores e obras do século XX.
- Análise de textos literarios de autores do século XX.
- Libro de lectura obrigatorio para a súa lectura, que será cualificado con suficiente ou insuficiente.
- Lerán un libro, voluntario, que eles mesmos escolleran despois de consultar na biblioteca virtual. Desta lectura completaran unha ficha que se lle propoñerá na semana do oito ao doce de xuño.
- Proporáselles algunha tarefa das indicadas en Aulas Galegas.
- Os materiais e recursos empregados son : o libro de texto de lingua Galega e Literatura, o galego.eu, fichas de exercicios elaboradas pola profesora, biblioteca virtual (Galicia), diferentes páxinas web das que lle achegamos os enlaces.

4. ALUMNADO COA MATERIA DE LINGUA GALEGA PENDENTE

Os alumnos/as coa materia de Lingua Galega 3º ESO pendente, que ata o día do confinamento non realizaran as suficientes actividades e probas previstas para superar dita materia e estivesen condicionados a realizar as probas do mes de maio, deberán realizar

correctamente todas as tarefas que se lles están a encomendar ata o remate do curso para poder aprobar dita materia, que sería cualificada coa nota de Suficiente (5).

5. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (loxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba especial).

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Para todas as tarefas achégaselles un arquivo explicativo ou vídeo a través da aula virtual do centro, correo electrónico ou outros medios telemáticos; eles envían as respostas e cando for posible envíase a ficha de respostas e nos demais casos faise a corrección e achégase de xeito individual ao alumnado.

1º BACHARELATO

LINGUA GALEGA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar un texto.	Recolle as ideas fundamentais do texto (en resumos, esquemas e mapas conceptuais), interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do autor/a e emite opinión e xuízos sobre a mensaxe. Distingue o tema principal e subtemas.
Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	Presenta os contidos dun texto de forma clara e ordenada, identifica as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro, utiliza o rexistro lingüístico axeitado e axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega	Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións.	Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións. Tamén le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.
Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.	Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico
Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.	Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico

Debido ás circunstancias excepcionais nas que se desenvolve este terceiro trimestre, e co obxectivo de facilitar a promoción do alumnado de 1º de BAC realizárase unha redución significativa do temario correspondente a este 3º trimestre. Centrémonos nos dous períodos máis relevantes da historia da literatura galega deste período: a Idade Media e o Rexurdimento.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Convocatoria ordinaria xuño:

Tendo en conta as circunstancias actuais e as que se deron na 2ª avaliación, o concepto de avaliación continua é de difícil aplicación. Este concepto suporía a necesaria avaliación agora no 3º trimestre de toda a materia dada desde o comezo de curso, o exame da 3ª avaliación consideraríase como un exame final; se un alumno suspendese este exame, tería unha recuperación final de todos os contidos do curso. Isto é claramente inviable, no contexto actual.

Xa na segunda avaliación a nota foi consecuencia das actividades do trimestre pero non houbo a posibilidade de realizar un exame que englobase a materia da 1ª e 2ª avaliación. Na 3ª avaliación non será posible realizar unha avaliación continua.

Tendo en conta que para este trimestre a materia programada corresponde ao bloque de literatura realizaranse unha serie de actividades de carácter práctico (comentario dunha cantiga de amigo, de amor, de escarnio e maldicir, comentarios sobre textos da literatura do Rexurdimento, etc.) sobre cada un dos temas obxecto de estudo.

As devanditas actividades deberán ser enviadas por vía electrónica ao profesor/a correspondente, e a cualificación que obteñan só poderá utilizarse para subir a nota dos outros dous trimestres anteriores, en ningún caso poderá diminuíla. O aumento que significará a nota da 3ª avaliación, no caso de que o alumno/a entregue todos os traballos propostos, e sexan avaliados positivamente, será de **1 punto**.

O libro de lectura obrigatorio por avaliación, do cal será examinado o alumnado, será cualificado con suficiente ou insuficiente. A nota do exame de lectura do terceiro trimestre non prexudicará ao alumnado no caso de que o exame resulte non apto. Aínda así deberá recuperar os libros de lectura que na 1ª e/ou na 2ª avaliación resultasen suspensos, para aprobar a materia en xuño. Estableceranse os mecanismos para realizar esa recuperación por vía telemática ben a través dunha proba ou dun traballo.

O traballo regular que cada alumno/arealice (seguimento virtual do curso con conexións regulares á aula virtual, entrega das actividades propostas, etc.) será anotado no caderno do profesor e, en función das notas establecidas, servirá para mellorar, non para empeorar a nota do alumno/a, ata un máximo de 2 puntos. Para poder aprobar unha avaliación ou o curso, o alumno debe ter suficientes notas positivas no seu traballo diario incluíndo elementos como participación, calidade do traballo, actitude, etc.

A nota final de curso obterase coa nota media dos dous primeiros trimestres e sumando a nota obtida no terceiro trimestre, sempre que sexa positiva. A isto poderase engadir a puntuación sobre a valoración do traballo global do alumnado e a actitude mantida cara a materia ao longo do curso.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

Técnicas de traballo.

- Estratexias de procura de información: medios tradicionais e novas tecnoloxías (CD-ROM, bases de datos, internet, etc.).
- Redacción e tratamento da información: fichas, índices, esquemas, bibliografías, etc.
- Modelos para análise e comentario de textos.

Literatura.

- Características xerais da lingua literaria: xéneros e recursos estilísticos.
- A literatura como creación cultural e como expresión da realidade histórica e social.

- Idade Media: marco histórico e cultural. A literatura galega medieval (1). A literatura. Periodización da literatura galega. Contexto da literatura galega medieval. A lírica medieval galego-portuguesa. A lírica profana. A cantiga de amigo.
- A literatura galega medieval (2). A cantiga de amor. A cantiga de escaño e maldicir. Xéneros menores da lírica profana. A lírica relixiosa. Decadencia da lírica galego-portuguesa. A prosa literaria medieval.
- A lírica medieval: lectura, análise e comentario de cantigas representativas.
- A prosa medieval: lectura e análise de fragmentos.
- Dos séculos escuros ao prerrexurdimento. Os Séculos Escuros (XVI, XVII, XVIII). A literatura popular. O prerrexurdimento.
- Literatura de tradición oral e literatura de autor: lectura e análise de textos representativos.
- Autores da Ilustración: lectura e análise de fragmentos.
- Rexurdimento: Caracterización e delimitación. Causas do Rexurdimento. O galeguismo. Os protagonistas do Rexurdimento. Rosalía de Castro.
- Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Lectura e comentario de textos representativos.
- Rexurdimento (2): Eduardo Pondal e Curros Enríquez. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. Outros escritores: a prosa.

4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (lxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba especial).

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O medio telemático fundamental que se vai empregar será o correo electrónico, pero tamén se poderán empregar outros como a videoconferencia, dependendo das posibilidades da profesora e do alumnado. En principio, a idea é poder ter a posibilidade de alternar estes sistemas en función das características do que se queira comunicar.

LITERATURA UNIVERSAL

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.	Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal. Tamén Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.
Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión. Tamén Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.
Ler, comprender e analizar obras breves, fragmentos ou obras completas, significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.

ESTUDO DA HISTORIA DA LITERATURA UNIVERSAL

Realizaremos, debido ás circunstancias e para facilitar a promoción do alumnado, unha redución significactiva dos contidos que serán obxecto de estudo.

- A segunda metade do século XIX.

Evolución dos temas e das técnicas narrativas do realismo. Principais novelistas da Europa do século XIX. Os personaxes femininos nalgunhas das obras máis representativas. O arranque da modernidade poética: o simbolismo. A renovación do teatro europeo: novo teatro e novas formas.

- Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios.

As innovacións filosóficas, científicas e técnicas, e a súa influencia na creación literaria. O existencialismo e o Marxismo. A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. O nacemento do heroe contemporáneo. As vangardas europeas. O surrealismo.

2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- A segunda metade do século XIX

Da narrativa romántica ao realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e das técnicas narrativas do realismo. Principais novelistas da Europa do século XIX. O arranque da modernidade poética: o simbolismo. A renovación do teatro europeo: novo teatro e novas formas.

- Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios.

As innovacións filosóficas, científicas e técnicas, e a súa influencia na creación literaria. O existencialismo e o Marxismo. A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. O nacemento do heroe contemporáneo. As vangardas europeas. O surrealismo. A xeración perdida. O teatro do absurdo e o teatro de compromiso.

- Coñecemento dos autores e obras máis representativos de cada unha das etapas e correntes estudadas.

3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Convocatoria ordinaria xuño:

Tendo en conta as circunstancias actuais e as que se deron na 2ª avaliación, o concepto de avaliación continua é de difícil aplicación. Este concepto suporía a necesaria avaliación agora no 3º trimestre de toda a materia dada desde o comezo de curso, o exame da 3ª avaliación consideraríase como un exame final; se un alumno suspendese este exame, tería unha recuperación final de todos os contidos do curso. Isto é claramente inviable, no contexto actual.

Xa na segunda avaliación a nota foi a consecuencia das actividades realizadas no trimestre: a nota dun exame coa primeira parte da materia xunto coas actividades prácticas propostas ata o momento da suspensión das clases presenciais. Non houbo a posibilidade de realizar un segundo exame coa parte da materia restante. Na 3ª avaliación non será posible realizar unha avaliación continua.

Tendo en conta que para este trimestre a materia programada corresponde ao bloque de literatura da 2ª 1/2 do século XIX e o século XX, plantearanse unha serie de actividades de carácter práctico (comentarios sobre textos correspondentes á literatura deses períodos) coa finalidade de reforzar as competencias en materia de análise textual (análise dos aspectos fundamentais do texto literario- tema, argumento, personaxes, modalización, etc-; repaso e aplicación da análise de recursos estilísticos, etc.)

As devanditas actividades deberán ser enviadas por vía electrónica ao profesor/a correspondente, e a cualificación que obteñan só poderá utilizarse para subir a nota dos outros dous trimestres anteriores, en ningún caso poderá diminuíla. O aumento que significará a nota da 3ª avaliación, no caso de que o alumno/a entregue todos os traballos propostos, e sexan avaliados positivamente, será de **1 punto**.

Os dous libros de lectura obrigatorios por avaliación, dos cales será examinado o alumnado, serán cualificadas a través das guías de lectura correspondentes. As notas das guías de lectura do terceiro trimestre non prexudicarán ao alumnado no caso de que resulten insuficientes. As guías de lectura enviaranse por vía telemática para seren avaliadas polo profesor/a.

Aínda así deberánse recuperar os libros de lectura que na 1ª e/ou na 2ª avaliación resultasen suspensos, para aprobar a materia en xuño. Estableceranse os mecanismos para realizar esa recuperación por vía telemática ben a través dunha proba ou dun traballo.

O traballo regular que cada alumno/a realice (seguimento virtual do curso con conexións regulares á aula virtual, entrega das actividades propostas, etc.) será anotado no caderno do profesor e, en función das notas establecidas, servirá para mellorar, non para empeorar a nota do alumno/a, ata un máximo de 2 puntos. Para poder aprobar unha avaliación ou o curso, o alumno debe ter suficientes notas positivas no seu traballo diario incluíndo elementos como participación, calidade do traballo, actitude, etc.

Para poder aprobar o curso, o alumno debe ter unha nota de suficiente en todos os exames dos libros de lectura obrigatoria da 1ª e 2ª avaliación.

A nota final do curso será o resultado da nota media da 1ª e 2ª avaliación, engandíndolle a nota da 3ª avaliación sempre que esta sexa positiva.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Proporanse unha serie de actividades de carácter práctico.
- Comentarios sobre textos correspondentes á literatura deses períodos coa finalidade de reforzar as competencias en materia de análise textual.
- Análise dos aspectos fundamentais do texto literario -tema, argumento, personaxes, modalización etc-.
- Repaso e aplicación da análise de recursos estilísticos etc.
- Redacción e tratamento da información: fichas, índices, esquemas, bibliografías, etc.
- Modelos para análise e comentario de textos.
- Actividades (lecturas, comentarios de texto etc.) sobre:
 - A segunda metade do século XIX:
 - Figuras claves do pensamento: Marx, Darwin, Freud.
 - Os grandes autores da novela realista: Stendhal, Balzac, Flaubert, Zola, Dickens, Tolstoi, Dostoievski.
 - O relato: Chékhov.

O simbolismo: Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Mallarmé.

O novo teatro: Ibsen, Strindberg.

Século XX:

O Modernismo.

Os grandes autores da renovación narrativa nas primeiras décadas do século XX. (Marcel Proust, James Joyce, Franz Kafka, Virginia Woolf, Thomas Mann).

As vangardas poéticas: (Breton, Marinetti, Tristan Tzara, Pessoa).

A xeración Perdida norteamericana.

Teatro do grottesco (Pirandello), teatro del compromiso (Brecht), do absurdo (Ionesco, Beckett), da crueldade (Antonin Artaud); teatro satírico e político (Dario Fo).

O existencialismo (Sartre, Camus, Simone de Beauvoir).

O Nouveau Roman.

As distopías (Aldous Huxley, George Orwell).

5. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (loxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba extraordinaria).

6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O medio telemático fundamental que se vai empregar será o correo electrónico, pero tamén se poderán empregar outros como a videoconferencia, dependendo das posibilidades da profesora e do alumnado. En principio, a idea é poder ter a posibilidade de alternar estes sistemas en función das características do que se queira comunicar.

2º BACHARELATO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e escritos, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. Ademais, recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais; e interpreta,

	reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.
Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e escrita, e recoñecer, en textos orais ou escritos, as dificultades expresivas.	Recoñece en textos orais e escritos as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. De igual maneira, diseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.
Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais; Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos de distinto tipo. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de diversos tipos de textos.
Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.
Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.
Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.	Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.
Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.
Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.
Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.
Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.	Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.
Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.

Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castellanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, e recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castellanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.
Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.	Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978), describe o contexto histórico e cultural, e diferencia e describe as etapas que podemos establecer.
Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade) e describe o contexto histórico e cultural así como a súa situación sociolingüística. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización.
Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936.	Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1916 a 1936 (poesía, prosa e teatro). Le e comenta textos da época.
Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975.	Identifica, analiza e describe a literatura galega entre 1936 e 1975 (poesía, prosa e teatro). Le e comenta textos representativos da etapa.
Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade.	Identifica, analiza e describe a literatura galega de 1975 ata a actualidade (poesía, prosa e teatro). Le e comenta textos representativos do período.

Debemos ter en conta que o alumnado xa desenvolveu practicamente todos os contidos do currículo nas dúas primeiras avaliacións, polo que esta terceira sería de repaso mediante a realización de actividades tipo exames ABAU, presentacións e vídeos para incidir en todo o visto.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1 Para o alumnado que teña superada a segunda avaliación.

Partiremos dunha avaliación continua polo que a nota da segunda avaliación será a nota final que se poderá incrementar no máximo dun punto coas tarefas que se presenten neste terceiro trimestre. As tarefas que se propoñan e sexan avaliadas positivamente repercutirán na nota desta 3ª avaliación ata un máximo de 1 punto.

A nota final do alumno/a partirá da nota da 2ª Avaliación e poderase incrementar ata un máximo de 2 puntos tendo en conta o traballo realizado ao longo de todo o curso (libros de lectura, traballos voluntarios, participación etc.), sempre dándolle máis valor (valor fundamental) ao realizado ao longo da 1ª e 2ª Avaliacións, é dicir, sobre todo valorarase a actitude positiva

amosada en relación á materia (traballos, atención, lectura voluntaria de libros, participación etc.) amosada durante a parte presencial do curso.

2.2 Para o alumnado que non teña superada a segunda avaliación.

Farase unha proba escrita de recuperación (exame), que o alumno/a terá que realizar á man e presentar nun tempo concreto mediante correo electrónico, se non se pode volver ás aulas. Se a dita proba se realiza a través de medios telemáticos (correo electrónico), esta será cualificada como Suficiente (5) ou Insuficiente (menos de 5).

A nota final do alumno/a partirá da nota da proba de recuperación e poderase incrementar ata un máximo de 1 punto tendo en conta o traballo realizado ao longo de todo o curso (libros de lectura, traballos voluntarios, participación etc.), sempre dándolle máis valor ao realizado ao longo da 1ª e 2ª Avaliacións, é dicir, sobre todo valorarase a actitude positiva amosada en relación á materia (traballos, atención, lectura voluntaria de libros, participación etc.) amosada durante a parte presencial do curso.

O traballo será anotado no caderno do profesor e, en función das notas establecidas, servirá para mellorar a nota do alumno/a.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Ao longo do 3º trimestre os materiais que se van empregar son os seguintes: libro de texto da editorial Anaya, fotocopias que xa están en poder do alumnado, modelos expostos na clase durante a 1ª e 2ª Avaliación.
- A metodoloxía empregada consistirá en que o profesor envíe unha vez á semana as actividades que se deberán realizar e, ademais, as solución das actividades propostas a semana anterior. Estas actividades consistirán en exames tipo proba ABAU, para repasar e dar resposta a todos os contidos da mesma.
- O alumnado poderá enviar, así mesmo, modelos personalizados das preguntas 6 e 7 da proba ABAU. O profesor corraxirá e enviará as correspondentes recomentacións ao alumno/a para que poida mellorar o seu traballo.
- O alumnado poderá –e debería- realizar cantas cuestións estime necesarias para poder despexar cantas dúbidas teña e obter un mellor aproveitamento do curso.

4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

As probas extraordinarias de setembro levaranse a cabo seguindo as circunstancias e normas que determine a inspección educativa. Esperemos que as devanditas probas poidan celebrarse de forma presencial. En principio os contidos mínimos esixibles na proba de setembro son os mesmos que para a proba ordinaria de xuño. A materia nova abordada no 3º trimestre non sería obxecto de exame na convocatoria de setembro. Os criterios de avaliación e cualificación tamén son os mesmos (loxicamente non se valorarán o traballo diario, a elaboración de traballos de investigación ou as exposicións orais por tratarse dunha proba especial).

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A comunicación entre o alumno/a e o profesor establecerase mediante correo electrónico da Xunta de Galicia. Cada semana envíaselles o que teñen que repasar, as actividades que deben realizar e as solucións das actividades da semana anterior para que poidan realizar a súa autocorrección. Indícaselles que calquera dúbida que poidan ter, que se poñan en contacto co profesor a través do seu correo.

LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Presentarse coas formas correctas en portugués.	Presentación individual de cada alumno.
Describir a unha persoa empregando os adxectivos precisos.	Descrición dunha persoa empregando os adxectivos precisos
Utilizar o presente de indicativo dos verbos ser, ter, vir e pôr.	Uso das formas do presente de indicativo de verbos: ser, ter, vir e pôr.
Comprender as noticias periodísticas sobre a realidade actual.	Comprensión de noticias periodísticas.
Informarse sobre o Fado e unha das novas voces deste: Mariza.	Información sobre o Fado e a nova voz: Mariza.
Empregar o vocabulario da comida para facer un menú.	Emprego do vocabulario da comida para facer un menú.
Informarse sobre os países africanos de lingua oficial portuguesa.	Información sobre os PALOP.
Coñecer o vocabulario relacionado co corpo humano.	Coñecemento do vocabulario relacionado co corpo humano.
Investigar sobre os libros de ficción máis vendidos en Portugal	Investigación sobre os libros de ficción máis vendidos en Portugal.
Planificar unha viaxe a Portugal facendo un roteiro.	Planificación dunha viaxe a Portugal facendo un roteiro.
Investigar sobre as películas portuguesas de estrea nos cinemas.	Investigación sobre as películas portuguesas que se botaban nos cinemas.
Narrar accións empregando a perífrase estar+infinitivo.	Emprego da perífrase estar + infinitivo.

2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Recopilación das tarefas que se lle manden por Abalar e que remitirán ao correo do profesor.

Traballo individual e probas que se lle mandarán por Abalar e que serán postas na web do centro para que as remitan por correo electrónico ao profesor.

Partindo da nota da 2ª avaliación, haberá 10 tarefas para que entreguen por correo electrónico. Se as entregan todas terán 1 punto que se lle sumará á nota da 2ª avaliación, e así quedará a cualificación final.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE.

- Fichas e cuestionarios de preguntas e exercicios prácticos que se mandan a través de Abalar para o grupo ou individualmente e que despois eles remiten a través do correo electrónico do profesor.
- Os materiais cos que contan son: os exercicios e contidos que se impartiron durante as dúas avaliacións, a páxina web lingua.com e xornais dixitais portugueses.
- Vanse facer actividades de repaso e de reforzo, por medio de fichas, cuestionarios de preguntas e exercicios prácticos.
- A recuperación faríase sobre os contidos da primeira e da segunda avaliación.
- Faríase unha proba que a mandarían por correo ao profesor.

4. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Nesta proba examinaranse dos contidos que se impartiron na 1ª e 2ª avaliacións.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información individual por Abalar por medio dun aviso.